

Resolución do 25 de xaneiro de 2024 da Dirección xeral da Academia Galega de Seguridade Pública **pola que se convoca á sesión de elección de praza á persoa que superou o proceso selectivo para o ingreso por oposición libre a unha praza de vixiante municipal no concello de Rábade.**

De conformidade co establecido na base 8.2 da Orde do 6 de xuño de 2023 (DOG Núm. 112, do 14 de xuño) polo que se convoca o proceso selectivo citado,

RESOLVO:

Primeiro: Convocar á persoa que superou este proceso selectivo de acordo co comunicado polo tribunal designado para xulgar este proceso a través da resolución do 24 de xaneiro 2024, publicada na páxina web da Agasp na mesma data, ao **acto de elección de praza** terá lugar o día **29 de xaneiro de 2024** ás **10:00 horas** na Agasp.

A persoa aspirante deberá acudir ao acto de elección de praza provista do DNI ou outro documento que acredite fidedignamente a súa identidade; no suposto de non comparecer persoalmente poderá ser representada por terceira persoa con poder notarial suficiente.

Tal e como recolle a base 8.2 da convocatoria a concorrencia por parte da persoa aprobada á reunión de elección de praza é obrigatoria, soamente poderá aprazala nos supostos contemplados nos artigos 16 e 17 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais para as probas das oposicións.

Por tanto, á persoa aprobada que, estando obrigada, non compareza persoalmente ou por medio de representante seralle adxudicada a praza, salvo que manifeste expresamente a súa renuncia ben presencialmente ou ben nun documento asinado e remitido electronicamente á Agasp antes das 14:00 horas do día 26 de xaneiro de 2024 (seleccion.agasp@xunta.gal).

Unha vez finalizado o acto de elección de praza, asignada a praza de acordo co previsto nas bases da convocatoria, a Dirección Xeral da Agasp publicará na súa páxina web o nome da persoa á cal foi adxudicada e comunicarlle os datos ao concello de Rábade, xunto coa data prevista para o comezo do preceptivo curso selectivo de



formación (o 5 de febreiro de 2024) e a documentación precisa que acredita o cumprimento dos requisitos esixidos para o seu nomeamento como funcionario/a en prácticas. A persoa aspirante, tanto no caso de que elixa destino como no caso de que o destino lle sexa adxudicado de oficio por non comparecencia ao acto, deberá presentarse no concello de Rábade adxudicado no prazo de **cinco días hábiles** para os efectos que correspondan.

Segundo. Coas mesmas normas establecidas para a persoa aspirante, convocase á persoa que figura na listaxe de reserva na resolución do 24 de xaneiro de 2024 do tribunal designado para xulgar este proceso ao mesmo acto de elección de praza para cubrir a posible renuncia.

Esta resolución, segundo o indicado no artigo 17 da Lei 1/2017, de 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública, esgota a vía administrativa e poderá ser obxecto de recurso de reposición ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso administrativa.

Santiago Villanueva Álvarez

Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

